

CLIMAX

[Gaspar Noé, 2018]

445

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2018 | V.O.S.E. | +16

Climax (2018, 95')

Dirección: Gaspar Noé

Guión: Gaspar Noé

Elenco: Sofia Boutella, Romain Guillermic, Souheila Yacoub, Kiddy Smile, Claude Gajan Maull, Giselle Palmer, Taylor Kastle, Thea Carla Schott, Sharleen Temple

Son: Matthieu Autin, Ken Yasumoto

Montaxe: Denis Bedlow, Gaspar Noé

Música: Pascal Mayer

Dirección de arte: Thierry Poulet, Benjamin Stierle

Vestuario: Frédéric Cambier

Fotografía: Benoît Debie

Produtoras: arte France Cinéma, Rectangle Productions, Wild Bunch (Francia)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Premio CICAE)

FILMOGRAFÍA

Love, 2015

Enter the Void, 2009

Eva, 2005 [curtametraxe]

Irreversible, 2002

Solo contra todos, 1998

Sodomites, 1998 [curtametraxe]

Carne, 1991

SINOPSE

A mediados dos 90, un grupo de mozos bailaríns fan a súa derradeira coreografía e ao remataren celebran unha festa arredor dunha gran fonte de sangría. Axiña, a atmosfera vólvese eléctrica e unha estraña loucura haos atrapar toda a noite. Semella obvio que foron drogados pero non saben por quen ou por que.

«Visualmente extraordinaria; estrutural e formalmente audaz»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



Por que?

Ás veces hai sucesos que son sintomáticos dunha época. Son acontecementos que estoupan, de maneira espontánea ou non, até chegar ás mans das forzas de seguridade. Algúns, daquela, pasan a ser información a grande escala.

Cobran outra dimensión: magnifícanse, viran insignificantes, distorsiónanse, asimílanse, ou non, por quen os difunden quen os reciben. Vidas, gloriosas unhas, vergoñentas outras, que rematan nos xornais para caer logo no esquecemento colectivo. A existencia non é máis ca unha ilusión efémera que todos levamos á tumba.

Nas biografías que lemos, enúnciase todo e o contrario. Pasa o mesmo cando sae á luz un caso ou unha nova. E as novas canles de comunicación que foron aparecendo nos últimos vinte anos fixeron da obxectividade unha mera ilusión. Os humanos, como os animais, nacemos, vivimos e morremos sen deixar máis pegada que unha margarida en metade dun prado. A ledicia, a dor, os logros e os erros, ocupan unha percepción virtual, un presente que non existe alén da súa lembranza.

1996 foi hai nada. Aínda non había móbiles nin internet pero a mellor música moderna xa estaba aí. En Francia, Daft Punk sacara un primeiro disco, *O odio* (Mathieu Kassovitz, 1995) acababa de se estrear en salas e a revista *Hara-Kiri* non se volveu publicar. A masacre dos adeptos da Orde do Templo Solar foi ocultada polas forzas escuras do estado. E había quen soñaba con construír unha Europa poderosa e pacífica namentres unha guerra barbárica infestaba o seu interior.

Como?

Sempre me cativaron as situacións nas que de súpeto reinan o caos e a anarquía, como nas pelexas de rúa, as sesións chamánicas alteradas con psicotrópicos ou as festas nas que os convidados descontrolan colectivamente polos excesos do alcol. O mesmo me pasa á hora de rodar. O meu maior pracer é non levar nada preparado nin escrito, para permitir que as situacións se desenvolvan ante os meus ollos, como se fora un documental. E cando agroma o caos, son se cabe máis feliz porque xera imaxes potentes, máis próximas á realidade que ao teatro.

Por iso, en lugar dun guión, elixín como base contar unha historia impactante e perturbadora. Un corpo de bailaríns réunese nun edificio remoto para preparar unha actuación. Tras o último ensaio estoupa o caos. Empezar cun bosquexo dunha soa páxina permitíume captar intres de verdade e plasmar en imaxes a secuencia de acontecementos de maneira colectiva.

Canto ao baile, agás a primeira escena que si que foi coreografada, os bailaríns tiñan liberdade para se expresaren no seu propio idioma, revelando a súa desorde interna. En estilos como o *vogue*, o *waacking* e o *krump*, os bailaríns demostran a súa destreza física cunha abraiante espontaneidade. Para respectar a música da época do filme todo o que soa —pezas electrónicas e melódicas— é anterior a mediados dos noventa.

Quen?

Desde o inicio a idea era facer unha película cos mellor bailarín que

puidésemos atopar en Francia ou que puidesen viaxar até alí. Daquela fomos ás batallas de *krump* e *balls* de *voguing* da rexión de París e vimos moitos vídeos en internet. Nun destes espectáculos coñecín a Kiddy Smile, un DJ e músico coñecidísimo que me convidou a ver as batallas desde o escenario. Nunca vira un despregue de enerxía similar en París desde certas manifestacións violentas da nosa adolescencia.

En tempo récord demos cun colexio abandonado en Vitry e conseguimos os dereitos dos temas que eu soñaba usar. Dous días antes da rodaxe coñecemos a acróbata e actriz Souhella Yacoub e o espectacular contorsionista Strauss Serpent, que puido vir desde Camerún. Alimentado polas nosas numerosas experiencias en colisións incontroladas, a rodaxe desenvolveuse cunha aura de deleite, e as improvisacións dos bailaríns, tanto sobre a pista coma nos diálogos, deixáronnos alucinados.

Que empece a festa!

Gaspar Noé

Publicado en avalon.me
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónete
agora e ven
sempre por****4€****Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo****Faite
NUMAX!**